

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL
IES CANIDO

CURSO 2024-2025

INDICE PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL (PAT)

1- INTRODUCCIÓN

2- LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

3- OBXETIVOS DO PLAN

4- CONTIDOS- ACTIVIDADES

5- TEMPORALIZACIÓN

6- OBSERVATORIO E PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

7- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL PAT

1-INTRODUCCIÓN

O Plan de Acción Titorial é o marco no que se especifican os criterios para a organización e as liñas prioritarias fundamentais da acción titorial.

A titoría (e a orientación) teñen como fins fundamentais:

- Favorecer a educación integral do alumno como persoa.
- Potenciar unha educación o máis personalizada posible e que teña en conta as necesidades de cada alumno/a.
- Manter a cooperación educativa coas familias.

Para avanzar na consecución destes fins contamos con ferramentas como:

- O traballo do profesorado titor.
- A actuación coordinada do equipo de profesorado.
- O apoio do Departamento de Orientación.
- A función orientadora de cada un dos profesores.
- A cooperación dos pais/nais/titores/titoras.

2.-LIÑAS XERAIS DE ACTUACIÓN

1. Realizar actividades para a mellora da capacidade de aprender a pensar do alumnado.
2. Emprender accións que propicien una boa convivencia no centro.
3. Contribuír a que o alumnado mellore a súa capacidade de adaptación escolar e social.
4. Inicialo na toma de decisións académicas e profesionais.

3-OBXETIVOS DO PLAN

1. Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado, mediante oportunas adaptacións curriculares e metodolóxicas.
2. Favorecer os procesos de madurez persoal, desenvolvemento da propia identidade e sistema de valores.
3. Previr as dificultades de aprendizaxe, anticipándose a elas e evidenciando no posible o abandono, o fracaso e inadaptación escolar.
4. Contribuír á adecuada relación e interacción entre os distintos integrantes da comunidade educativa.

4- CONTIDOS- ACTIVIDADES

As actividades que o PAT pretende levar a cabo son as seguintes:

A.-Referidas aos Alumnado:

A.1.- Realización da exploración e diagnóstico inicial do alumnado

- Coñecer a situación do/a alumno/a no grupo, no centro e no entorno familiar e social, e realizar a intervención que sexa necesaria para favorecer a integración escolar e social.
- Coñecer a situación emocional do alumnado.
- Coñecer as características do grupo titorizado a través da información recibida dos titores de cursos anteriores con rexistros de alumnos coma percepción dos docentes e titores. É importante coñecer a dinámica interna do grupo e intervir, se fose necesario, para recompoñela.
- A observación sistemática sería de gran utilidade para obter información sobre o nivel de cohesión do grupo, os líderes, subgrupos, alumnos illados o rexeitados....
- Axudar a identificar os factores persoais que contribúen á desmotivación.
- Afondar en procedementos que favorezan a motivación por aprender.

A.2.- Avaliación das dificultades e trastornos de aprendizaxe dos alumnos

- Analizar nas titorías os casos de estudantes con serias anomalías de rendemento escolar, especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.
- Organizar actividades de recuperación coa participación dos departamentos didácticos para a preparación de material individualizado.

A.3.- Habilidades e métodos de estudio e aprendizaxe

- Axudar aos alumnos a que adquiren métodos axeitados para o estudio a través de material específico.

A.4 – Programa de intelixencia emocional

Habilidade para xestionar as nosas emocións e relacionarnos optimamente co noso contorno, o que vai axudar a favorecer a convivencia no centro.

Inclúe dous tipos de intelixencia: a intrapersoal (autocoñecemento, autorregulación ou control de si mesmo, automotivación) e a intelixencia interpersonal (empatía, habilidades sociais).

A.5- Actividades de orientación académica e profesional

- Facilitar ao estudante, a partir do seu ingreso na Educación Secundaria, a información necesaria sobre as opcións académicas no que se refire a:
 - Optatividade e opcións na ESO
 - Materias comúns, de modalidade e optativas.
 - Modalidades de Bacharelato
 - Coñecemento dos diferentes ciclos de Formación Profesional medio e superior
 - Saídas universitarias
 - Formación profesional básica
 - Criterios de promoción e titulación

Corresponde ao titor:

- Analizar cos alumnos as vantaxes e inconvenientes das opcións e itinerarios.
- Colaborar co Departamento de Orientación e cos demais profesores para facilitar aos alumnos dos últimos ciclos contactos e experiencias directas co mundo do traballo, coñecemento doutras opcións e centros educativos.
- Profundar no coñecemento das aptitudes, intereses e motivacións de cada alumno co obxecto de axudarlles na toma de decisión sobre o seu futuro educativo e profesional.

B.-En relación cos Titores:

- Participar no PAT programado para o curso en colaboración cos demais titores e o Departamento de Orientación, tratando de precisar o modo de traballo e implicación dos distintos profesores.
- Recoller datos e informar aos pais dos alumnos e ao Departamento de Orientación, solicitando as intervencións necesarias.
- Colaborar estreitamente con Departamento de Orientación nas tarefas vinculadas coa titoría.
- En coordinación coa Xefatura de Estudos, realizaranse ao longo do curso, as reunións que sexan necesarias entre dita Xefatura, Titores e Departamento de Orientación.

5.- TEMPORALIZACIÓN DO PAT

A labor titorial realizarase en tres fases correspondentes cada fase a cada trimestre:

1ª FASE: MOTIVACIÓN, INFORMACIÓN E RECOLLIDA INICIAL DE DATOS. PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Recoller información dos centros de procedencia dos alumnos
- Programa de acollida para o novo alumnado, en especial de 1ºESO
- Realización dunha avaliación inicial ou preavaliación
- Cumprimento do rexistro alumno
- Asesoramento aos alumnos na elección dos seus representantes
- Detección e avaliación psicopedagóxica dos alumnos con N.E.E
- Reunión cos titores e Departamento de Orientación para comezar as adaptacións curriculares significativas e non significativas que foran necesarias
- Tratamento de motivación para o estudio no primeiro da E.S.O
- Tratamento de organización e planificación do tempo de estudio no segundo, terceiro e cuarto da E.S.O
- Primeira avaliación, recollida de datos relevantes
- Información aos alumnos e familias dos resultados da avaliación

2ª FASE: SEGUNDO TRIMESTRE

- Proseguir coa colaboración e seguimento das adaptacións realizadas
- Información aos alumnos sobre habilidades de estudio e presentación de modelos de técnicas de estudo
- Integrar os contidos nas diferentes materias do curriculum
- Asesoramento para elección de estudos
- Procura de información sobre temas académicos profesionais, profesións, graos universitarios, ciclos de FP, ensinanzas de réxime especial...
- Actividades de orientación académico e profesional para os alumnos/as
- Segunda avaliación , recollida de datos relevantes
- Información aos alumnos e familias dos resultados da avaliación
- Exploración e proposta de actividades de intervención (en colaboración co Departamento de Orientación) dirixidas aos alumnos con dificultades de aprendizaxe
- Actividades individuais e grupais sobre asesoramento académico profesional

3ª FASE: TERCEIRO TRIMESTRE

- Actividades informativas sobre as oportunidades de estudio e emprego
- Continuación do programa de actividades de orientación académica e profesional
- Terceira avaliación
- Información ós alumnos e familias do resultado da avaliación
- Deseño dun informe final sobre a evolución do alumnos nos cursos que sexa prescriptivo: Consello Orientador

- Elaboración das actividades de recuperación, (en colaboración cos distintos profesores) para os alumnos con avaliación negativa

A nivel aula

Actividades	ESO – Curso	Temporalización por trimestre
Plan de acollida	1º	Primeiro trimestre 1º ESO ou Terceiro trimestre 6º EP
Elección de delegado	1º-2º-3º-4º	1
Normas de convivencia	1º-2º-3º-4º	1-2-3
Técnicas e hábitos de estudo	1º-2º-3º-4º	1-2-3
Orientación académica e profesional	1º-2º-3º-4º	2-3
Actividades para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos.	1º-2º-3º-4º	1-2-3
Outras: Igualdade, prevención de acoso, prevención de violencia de xénero, sensibilización coa saúde mental, bo uso das redes sociais, prevención do xogo patolóxico, afectividade e sexualidade, prevención do consumo de sustancias, etc.	1º, 2º, 3º, 4º	1-2-3

Primeiro e segundo curso de Bacharelato:

1. Orientar ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
2. Realizar o seguimento do alumnado con materias pendentes apoiando as medidas de recuperación.
3. Detección e tratamento máis personalizado das dificultades no estudo.

A nivel centro: Actividades Extraescolares e Complementarias.

As actividades complementarias e extraescolares propostas para o presente curso son as seguintes:

1º ESO:

Charla sobre ciberacoso (PLAN DIRECTOR)

Hábitos de alimentación saudable

Charla prevención acoso escolar (ARELA):

2º ESO:

Taller de prevención do consumo de drogas e alcohol (PLAN DIRECTOR)

Charla adicións apostas videoxogos (PLAN DIRECTOR)

Charla prevención adicción ao móvil
Charla ciberacoso (Policía)

3º ESO:

Charla sobre afectividade e sexualidade (QUÉROTE +)
Taller sobre prevención de condutas adictivas (ASFEDRO)
Charla protección da natureza (PLAN DIRECTOR)
Hábitos de alimentación saudable
Campaña prevención saúde AESLEME “SI CONTROLAS VUELVES”:

4º ESO:

Taller sobre prevención da violencia de xénero (PLAN DIRECTOR)
Programa sensibilización sobre alcohol e xogos de azar (Asociación Ex-alcoholicos Ferrolterra)
Xogo patolóxico no ámbito escolar (ASFEDRO)
Saída para visitar institutos de Formación Profesional da contorna. Visita ao CIFP Ferrolterra.
Saída ás Xornadas de Orientación de Ferrolterra.
Charla Risco Cero sobre prevención enfermidades transmisión sexual.

1ºBAC

Visita ao Campus de Ferrol da Universidade da Coruña.
Saída ás Xornadas de Orientación de Ferrolterra.
Charla sobre Enxeñería de Recursos Mineiros e Enerxéticos

2ºBAC:

Charla sobre a ABAU e os grados universitarios da Universidade de Santiago

AULA PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA:

- Pequenas saídas realizadas polo alumnado de PT, relacionadas co seu entorno máis próximo, o barrio, e a súa cidade, e enlazadas tamén cos pequenos proxectos que se podan levar a cabo nesta aula (alimentación saudable, imos mercar?, medios de comunicación e novas do barrio, asociacións e a súa actividade...).

OUTRAS:

- Sesións de orientación profesional da Armada Española individualizadas nun recreo (para persoas interesadas).

Especialmente interesantes poden ser as actividades relacionadas cos días de conmemoración que cada ano se recollen no calendario escolar, e que para este curso 2023/2024 son:

- 25 de de novembro de 2024: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2024: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 3 de decembro de 2024: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

- A semana do 6 de decembro de 2024: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 10 de decembro de 2024: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2025: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2025: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2025: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2025: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2025: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- A segunda semana de marzo de 2025: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2025: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2025: Día Mundial da Saúde.
- A semana do 23 de abril de 2025: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2025: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2025: Día de Europa.
- A semana do 17 de maio de 2025: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2025: Día Mundial do Ambiente.

6.- OBSERVATORIO E PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

Trala publicación do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e en cumprimento do dito Decreto, este Departamento, e como accións prioritarias referidas a convivencia no centro educativo, realizará en concreto as seguintes:

- Colaborar na recollida e análise de datos que poñan de manifesto a realidade do centro no que se refire á convivencia, de tal xeito que sirva como punto de partida para a elaboración do plan e demais actuacións.
- Colaborar na dinamización do centro no que se refira á experimentación e innovación de proxectos relacionados coa convivencia e a educación en valores en xeral.
- Asesorar ao profesor titor, dando respostas ás súas demandas e necesidades.
- Prestar apoio e materiais específicos para desenvolver as liñas de traballo referidas á convivencia.

7.- PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Dentro deste plan, artéllanse instrumentos de avaliación formativa ó longo de todo o curso, nas reunións colectivas previstas, onde se tomarán decisións sobre este aspecto. Os progresos ou as dificultades atopadas deberán ser valoradas e tomar decisións modificando os aspectos que así o requiran.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

- Grao de consecución dos obxectivos xerais
- Implicación dos axentes da función titorial
- Coordinación dos axentes da función titorial
- Espazos e tempos para a acción titorial
- Recursos para levar a cabo a acción titorial

Ao final de curso realizarase unha avaliación sumativa por parte de tódolos implicados no plan, que permitirá determinar se foron acadados os obxectivos, a adecuación das actividades propostas, a adecuación da liña metodolóxica e se a temporalización foi operativa e realista. Estes datos servirán de punto de partida para reformula-lo deseño do plan e introducir as melloras para adaptalo ás necesidades dos destinatarios.

Ferrol, 20 de setembro de 2024

Asdo: Clara Goás Vargas

Xefa do Departamento de Orientación